

REGULAMENTO DA COLACIÓN DO GRAO DE LICENCIADO NA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE



REGULAMENTO DA COLACIÓN DO GRAO DE LICENCIADO NA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Modalidades.

O grao de licenciado poderá obterse na Facultade de Dereito de Ourense pola modalidade de exame ou de elaboración e defensa dun traballo de iniciación á investigación sobre un tema determinado, denominado memoria de Licenciatura ou tesña.

TÍTULO I

Do exame de grao

Artigo 2. Convocatoria.

1. A Facultade convocará un exame de grao por cada curso académico. O exame terá lugar entre o inicio do seguinte curso e a final do ano natural, en día e horas lectivos.

2. Poderán participar no exame tódolos licenciados que non estean en posesión do grao, solicitándoo ó Ilmo. Sr. Decano e abonando as correspondentes taxas no prazo fixado na convocatoria.

Artigo 3. Tribunal.

1. O exame verificarase ante un tribunal integrado por tres profesores numerarios doutores que sexan membros da Xunta de Facultade.

2. A Facultade designará os membros do tribunal por un procedemento obxectivo que garanta a rotación no cometido de tódolos profesores numerarios doutores que sexan membros da Xunta de Facultade.

Artigo 4. Desenvolvemento do exame.

O exame constará de dous exercicios, orientados en sentido non memorístico co obxectivo de que sirvan para apreciar o grao de asimilación dos coñecementos adquiridos ó longo a Licenciatura, a madurez de xuízo e o sentido crítico dos alumnos:

a) Exercicio teórico. Terá carácter oral e consistirá na contestación das preguntas formuladas polos membros do tribunal. As preguntas axustaranse a un temario preparado por tódalas áreas de coñecemento con docencia na Facultade e aprobado pola Xunta de Facultade, o cal se actualizará periodicamente e se publicará antes da finalización de cada curso académico.

b) Exercicio práctico. Constará de dúas probas, unha de Dereito público e outra de Dereito privado. Os alumnos poderán manexar textos legais e recompilacións xurisprudenciais para a resolución dos supostos prácticos.

TÍTULO II

Da elaboración e defensa da memoria de Licenciatura ou tesíña

Artigo 5. Admisión.

1. Os licenciados que non estean en posesión do grao poderán optar ó mesmo pola modalidade de elaboración e defensa dun traballo de iniciación á investigación sobre un tema determinado, solicitando ó Ilmo. Sr. Decano a admisión do tema e da dirección do traballo. A solicitude deberá incluír a expresa conformidade da persoa que dirixirá o traballo.

2. A memoria de Licenciatura non se poderá defender antes dun mes contado dende a data da admisión do tema e da dirección do traballo e deberá depositarse antes de que transcorran dous anos dende esa mesma data.

Artigo 6. Dirección.

Poderán dirixir memorias de Licenciatura os doutores que teñan docencia na Facultade na data da admisión do tema e da dirección do traballo.

Artigo 7. Depósito.

1. Unha vez elaborada, a memoria de Licenciatura será depositada na Secretaría da Facultade e abonadas as correspondentes taxas cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto da data do acto de defensa pública do traballo. O exemplar depositado irá acompañado dun informe do director do traballo no que se xustifique que se cumpren as condicións de orixinalidade da investigación, así como da proposta de tribunal formulada polo propio director.

2. Dende que se verifique o depósito e ata que teña lugar o acto de defensa pública, os doutores e licenciados en posesión do grao con docencia na Facultade poderán formular as obxeccións ó traballo que estimen oportunas, as cales serán elevadas á consideración do tribunal encargado de axuizalo, ó efecto de que, no seu caso, invite ó seu autor a retiralo.

Artigo 8. Tribunal.

O tribunal encargado de axuizar a memoria de Licenciatura estará integrado por tres profesores doutores e os seus respectivos suplentes, propostos polo director do traballo, que non poderá formar parte del, e designados pola Xunta da Facultade.

Artigo 9. Defensa.

1. A memoria de Licenciatura será exposta e defendida oralmente. A tal efecto, o tribunal reunirse en sesión pública a convocatoria do seu presidente no prazo máximo de 6 meses dende a súa designación pola Xunta da Facultade. Decorrido ese prazo sen ser convocado, decaerá o nomeamento e haberá que formular nova proposta de tribunal.

2. O presidente do tribunal concederá a palabra ó autor do traballo por un prazo de tempo non superior a unha hora, coa fin de que realice unha exposición oral dos obxectivos, método empregado,

resultados e conclusións da investigación desenvolvida.

3. A continuación, o presidente do tribunal invitará a formular as súas observacións a tódolos doutores e licenciados en posesión do grao presentes no acto.

4. Por último, os membros do tribunal poderán solicitar ó autor do traballo cantas aclaracións estimen oportunas.

TÍTULO III Disposicións comúns

Artigo 10. Organización dos tribunais.

Os postos de presidente, vocal e secretario dos tribunais de grao distribuiranse consonte ós criterios de prelación de corpos e, dentro de cada corpo, de antigüidade no mesmo.

Artigo 11. Cualificacións.

1. Os candidatos ó grao de licenciado poderán obter do tribunal as cualificacións de suspenso, aprobado, notable e sobresaínte, sen que sexan posibles outras cualificacións ou mencións especiais. Non se terá en conta en ningún caso, ós efectos cualificatorios, o expediente académico do alumno no primeiro e segundo ciclos da Licenciatura.

2. A cualificación obtida anotarase no expediente académico do alumno.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única. Memorias de Licenciatura en elaboración.

As memorias de Licenciatura en elaboración axustaranse ó procedemento previsto nesta norma.

DISPOSICIÓN FINAL

Única. Entrada en vigor.

Unha vez que sexa aprobado definitivamente, este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación nos taboleiros de anuncios da Facultade.

DILIXENCIA para facer constar que o presente Regulamento da colación do grao de Licenciado na Facultade de Dereito de Ourense (aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense na data 15 de outubro do 2002 e polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo na data 11 de decembro do 2002, e publicado oficialmente nos Taboleiros de Anuncios da Facultade o día 20 de xaneiro de 2003) incorpora a modificación (que altera a redacción orixinal do artigo 8) aprobada pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense o día 9 de xuño de 2011 e polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o día 21 de xullo de 2011, e publicado oficialmente na paxina web e nos taboleiros de anuncios da Facultade o día 4 de outubro de 2011.

A SECRETARIA



María Dolores Fernández Fustes